



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Dirección Xeral de Obras Públicas



XEFATURA PROVINCIAL DE ESTRADAS
DE A CORUÑA
Praza Luís Seoane, s/n – 8º
15071 A CORUÑA

ORDEN CIRCULAR 2/2000

ASUNTO: Informe preceptivo para a autorización de transportes especiais.

A nova tramitación das autorizacións de transportes especiais derivada da aplicación do artigo nº 14.2 do Regulamento Xeral de Vehículos obriga a adoptar uns criterios homoxéneos nas catro provincias, tanto no modelo de informe coma nas prescricións técnicas que se requiran en casos similares, evitando deste modo a disparidade de respostas ante solicitudes iguais.

A Dirección Xeral de Tráfico envía a petición do informe preceptivo para que se conteste sobre o mesmo impreso (positivo, positivo con prescricións técnicas e negativo). Nos casos “positivos” e “negativos”, NON é necesario máis que devolver ese impreso cubrindo cunha cruz a casíña correspondente. No caso de “positivo con prescricións técnicas”, éstas se impondrán nunha folla independente, o formato da cal enviase nun disquete para que sexa igual nas catro provincias.

Por outra parte, e simultaneamente, enviase á Dirección Xeral de Tráfico un oficio no que se expresa a esixencia ó peticionario do transporte especial para que aclare fidedignamente o seu itinerario, de xeito que no caso de itinerarios xenéricos (en moitos casos hai solicitudes de tránsito en tódalas estradas dunha provincia) sexa rechazada a petición pola propia D.X.T. sen sequera requirir informe á xefatura provincial de estradas correspondente.

Esta concreción do itinerario vai facilitar ás distintas xefaturas, dada a gran variedade e diferencias das redes autonómicas, a emisión de informes cun prazo de vixencia dun ano nos casos de itinerarios por estradas, as características dos cales permiten ós responsables das mesmas ter unhas garantías razoables, sobre a influencia do transporte especial sobre elas.

Cando as estradas afectadas por un itinerario, non estén en condicións de garantir, en condicións normais, unha autorización durante tan longo prazo, especificarase a vixencia de dita autorización nun prazo que cada Xefatura estime pertinente.

Este último caso, non resultará moi habitual, xa que unha elevada porcentaxe dos transportes especiais que se solicitan son tránsitos por estradas da rede primaria básica que, salvo escasas excepcións, atópase en bo estado.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Dirección Xeral de Obras Públicas

Deste modo, preténdese axilizar a tramitación e o mesmo tempo poder concretar con maior exactitude cales son os itinerarios principais de transportes especiais e tamén non requiren sistemáticamente informes repetitivos para tráfico periódico en itinerarios iguais.

Non debe esquecerse que, en todo caso, ante calqueira incidencia, advertirase á Xefatura Provincial de Tráfico correspondente para que suspenda as autorizacións nos treitos con problemas, independentemente do período de vixencia que se otorgara na autorización do transporte.

Santiago de Compostela, a 23 de febreiro do 2.000
O DIRECTOR XERAL DE DE OBRAS PÚBLICAS,



Asdo: Agustín Hernández Fdez. de Rojas